

FICHA DE AVANCE



DICO MINDSET

Proxectos innovadores no ámbito dos contidos dixitais interactivos




1. Situación de partida

Coa chegada das novas tecnoloxías á nosa sociedade prodúcese un cambio nos hábitos de consumo dos contidos, tanto os culturais como os formativos ou de entretemento. A implantación de tecnoloxías de televisión dixital supuxeron ademais dunha mellora na calidade da imaxe e do son, unha oferta de contidos moito maior, e o que é máis importante a posibilidade de ofrecer servizos interactivos ou a denominada Televisión Social. A poboación está a aceptar o cambio de paradigma nos contidos dixitais como algo usual, aínda que non todo o mundo se decate da verdadeira relevancia desta integración dixital na súa vida.

Partindo desta situación, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), en colaboración cos Clústers TIC e do Audiovisual, elaborou o Plan de acción para o impulso aos contidos dixitais en Galicia, “**Dico Mindset**” co dobre obxectivo de:

- 1) Impulsar a modernización e innovación tecnolóxica do sector de contidos dixitais.
- 2) Dinamizar a xeración e posta en marcha de proxectos para a transformación dos sectores produtivos de Galicia, aproveitando as oportunidades que brindan as novas tecnoloxías.

Dentro do devandito Plan, as actuacións recollidas neste documento enmárcanse no “**Eixe Prioritario de actuación E2. Proxectos Tractores**”, mecanismos e estímulo para actuacións dirixidas por empresas, que fomenten a creación de contidos dixitais orientados a un mercado global e que se atopen caracterizados polo seu efecto arrastre no sector, na innovación, así como o desenvolvemento de novas tecnoloxías na industria dos contidos dixitais.



Os obxectivos deste eixe prioritario de actuación son:

- Conseguir mecanismos de estímulo axeitados para as empresas do sector, que tradicionalmente poden ter dificultades na súa implantación.
- Potenciar o desenvolvemento do sector de contidos dixitais en colaboración cos axentes máis competitivos deste ámbito.
- Lograr o efecto arrastre no sector, procurando a comercialización noutros contornos xeográficos.
- Lograr un sector cada vez máis competitivo.
- Articular as necesidades colectivas en peticións singulares por parte da Administración autonómica que teñan un efecto de estímulo para o sector.

Concretamente, este proxecto xorde da colaboración entre a AMTEGA e a Corporación de Radio Televisión de Galicia (CRTVG) para adaptar as emisións do ente público ás novas demandas de consumo (accións AC4 e AC6 do Plan DICO):

- **Acción AC4:** incorporación das novas tendencias interactivas nas emisións da CRTVG
- **Acción AC6:** creación dunha canle temática interactiva da CRTVG para o ámbito educativo



2. Alcance do proxecto

A AMTEGA e a CRTVG teñen como obxectivo fomentar a creación de contidos dixitais orientados a un mercado global e que se atopen caracterizados polo seu efecto arrastre no sector, na innovación, así como no desenvolvemento de novas tecnoloxías no sector dos contidos dixitais.

Neste sentido, o proxecto busca a posta en marcha dunha **plataforma integral** capaz de ofrecer solucións e servizos avanzados que incorporen as últimas tecnoloxías, entre os que se poden destacar os seguintes:



- Servizos relacionados cos **novos formatos dixitais e modelos de visualización**.
- Servizos relacionados cos **novos modelos de creación de contidos**.
- Solucións relacionadas cos **novos dispositivos e as novas canles de distribución**.
- Solucións relacionadas coas **novas tendencias no consumo**.
- Servizos relacionados coa incorporación á TV de **novas narrativas interactivas**.

O proxecto ten como obxectivo estimular o uso de novas canles e medios, así como a creación de contidos interactivos innovadores en liña coas novas tendencias de consumo no eido da **educación non regrada**.

Ademais, a solución a implantar deberá dar resposta a retos como que capacidades tecnolóxicas son as máis axeitadas para configurar o novo modelo de televisión pública interactiva ou establecer o modelo económico sostible que permita a adaptación progresiva ás novas tendencias dixitais con impacto económico no sector dos contidos dixitais.



3. Identificación de elementos innovadores a desenvolver

O proxecto terá como resultado colocar a Galicia na vangarda do audiovisual a nivel internacional por medio da posta en marcha dunha solución innovadora no ámbito dos contidos dixitais interactivos que incorpore as últimas tecnoloxías.

Entre os elementos innovadores a incorporar atópanse os seguintes:



Adquisición de datos

- Integración con diferentes fontes: CRTVG, eDixgal, etc.
- Fontes externas: sensores, cámaras, etc.
- Sistema de verificación da validez dos contidos.
- Autenticación e trazabilidade dos contidos.
- Escalabilidade.



Visualización e Interactividade

- Contidos enriquecidos.
- Omnicanalidade.
- Diferentes formatos (RA, RV, 360º, 4K, etc.).
- Uso de segundas pantallas.
- Posibilidade de envío de experiencias á primeira pantalla.



Big Data e Intelixencia Artificial

- Uso de analítica de datos no sistema de verificación.
- Uso de IA no etiquetado, valoración, motor de búsqueda, recomendador, etc.



Gamificación

- Obxectivo de aprender xogando.
- Xeración de retos síncronos e asíncronos.
- Gamificación tanto no consumidor como no xerador de contidos.



Certificación de aptitudes

- Sistema de validación de aspectos pedagóxicos e educativos.
- A solución permitirá recoñecer os retos superados e xerados, así como validar os coñecementos adquiridos.

A solución global a desenvolver busca unha forma **innovadora de producir e consumir** contidos audiovisuais, **automatizada** e que permita aos usuarios gozar de **mellores experiencias educativas**. Esta iniciativa quere estimular a colaboración entre o sector TIC e o Audiovisual sendo a CRTVG e a AMTEGA as entidades tractoras do proxecto.



PLATAFORMA
EXPERIENCIA
TECNOLÓXICA
INTERACTIVA
SOCIAL
COLABORATIVA



4. Consultas ao mercado

O 27 de xullo de 2018 publicouse no DOG a convocatoria de consultas preliminares ao mercado para o desenvolvemento de proxectos innovadores no ámbito dos contidos dixitais interactivos, no marco do Plan de acción para o impulso aos contidos dixitais en Galicia (DICO Mindset).

Para a presentación das propostas habilítase un formulario na páxina web da AMTEGA (<https://amtega.xunta.gal/dicomindset>).

O obxectivo da consulta é que, a partir das propostas recibidas, a AMTEGA e a CRTVG teñan coñecemento suficiente das solucións máis novas e óptimas existentes no mercado para o lanzamento dun procedemento de licitación posterior.

Resultado Consultas ao mercado


	Nº PROPOSTAS	ENTIDADES PARTICIPANTES	DATA ÚLTIMA PROPOSTA
CONVOCATORIA ABERTA CONSULTAS PRELIMINARES AO MERCADO	27	ADIVIÑA & ILUX & NETEX & GATO	20/11/2018
		SALVAJE	
		ARSPACE	
		BALIDEA	
		CENTROÑA & IPGLOBAL	
		CINFO	
		CORRELO FILMES	
		DELOITTE	
		ERNST&YOUNG	
		EVERIS	
		FICCION PRODUCCIONES	
		FOTOPANORAMA	
		GRADIANT	
		IDENDEAF	
		IMAXIN	
		M-INTERNACIONAL	
		PHOTTIC	
		PLEXUS & DIMELAB	
R			
SIXTEMA			
TAMBOURA FILMS			

- Un total de **20 entidades** subiron propostas ao formulario web habilitado.
- Recolléronse **27 propostas** catalogadas segundo os retos previamente identificados:
 - Novos formatos dixitais e modelos de visualización
 - Novos modelos de creación de contidos
 - Novos dispositivos e novas canles de distribución




- Novas tendencias de consumo
- Novas narrativas interactivas

Aínda que moitas propostas cubrían máis dun reto, a clasificación foi a seguinte:



Tras a recepción das propostas procedeuse á revisión das mesmas, analizando o seu contido e a súa utilidade á hora de conformar o mapa de demanda temperá. Neste proceso, foi preciso realizar reunións con algunha das entidades participantes para obter máis detalle e aclarar dúbidas das propostas que presentaban. En total realizáronse **11 reunións**.

Como resultado da análise, concluíuse que **todas as ideas presentadas resultaron de utilidade** para elaborar o mapa de demanda temperá, ben directa ou indirectamente.





5. Data prevista peche convocatoria

Establécense as seguintes **datas clave**:

- Publicación **mapa demanda temperá**: semana 26 de novembro 2018.
- **Licitacións** Compra Pública de Innovación: primeiro trimestre do 2019.

Nos pregos desenvolveranse as licitacións a partir dos resultados obtidos na etapa de consultas ao mercado e plasmadas no mapa de demanda temperá. Con todo, a recepción de propostas a través da plataforma <https://amtega.xunta.gal/dicomindset> manterase aberta co obxectivo de recoller ideas para futuras contratacións.